



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE TRECE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

Presidente:

D. Efrén Castro Caloto

Sres/as. Deputados/as:

D^a. María del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Miguel Fernández Méndez

D. Xosé María Arias Fernández

D. Iván Castro Díaz

D^a. Iria Castro Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **trece de marzo de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia do Vicepresidente D. Efrén Castro Caloto por ausencia da titular do cargo Ilma. Sra. D^a. María del Carmen López Moreno, reúnen as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sra. Presidenta dona María del Carmen López Moreno e o Sr. deputado don Carlos López López.

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	1/52



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA SEIS DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Por parte da Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día seis de marzo de dous mil vinte e seis que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN NÚMERO 2 DO CONTRATO BASEADO 2024/CON_02/000038-SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA NAS DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN DE LUGO A TRAVÉS DO ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN (Nº EXPEDIENTE PLACSP: CC.-01/2022).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Responsable do Contrato de referencia e visto o informe xurídico do seguinte tenor literal:

“Antecedentes

1.- Na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019, esta Deputación Provincial adoptou entre outros acordos, adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita Central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

2.- A FEMP oferta para os seus asociados a adhesión a un contrato de enerxía eléctrica. O 12 de maio de 2022, a FEMP subscribiu un Acordo Marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da FEMP (Nº expediente PLACSP: CC.-01/2022). O contrato está dividido en tres lotes, sendo o lote que corresponde a esta entidade o lote 1: Península. Dentro deste lote temos 1 adxudicatario: Iberdrola Clientes, S.A.U. En dita licitación, a FEMP tivo en conta todos os requisitos e procedementos esixibles á contratación das Administracións Públicas.

3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 21 de xuño do 2024, procedeuse a adxudicación en favor da empresa Iberdrola Clientes, S.A.U. da contratación 2024/CON_02/000038-Subministración de Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (nº expediente PLACSP: CC.-01/2022).

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	2/52	



En virtude de dito acordo, a empresa adxudicataria Iberdrola Clientes, S.A.U. comprometeuse a subministrar Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo, ata un importe máximo de 723.995,60 euros, aos que hai que engadir 152.039,08 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 876.034,68 euros, A data de inicio do contrato é o 27 de xullo de 2024. A duración do Contrato Baseado, tal e como se indica no documento de invitación “Plazo de duración del contrato basado y prórroga”, é de 1 ano con posibilidade de unha prórroga anual.

O Valor Estimado do contrato é de 1.737.589,44 € euros (IVE non incluído). Para o cálculo de dito valor se tiveron en conta os seguintes preceptos:

-Tal e como se indica na cláusula 21.11 do PCA: “Modificación de los Contratos Basados”, o contrato poderá ser modificado nun 20%.

-Tal e como se indica na cláusula 21.2 do PCA: “Inicio y duración de los Contratos Basados”, a duración ordinaria do Contrato Baseado será de un ano, tal e como dispón a normativa sectorial de aplicación, podendo ser obxecto de unha prórroga anual. Polo tanto, a duración máxima do contrato, prórrogas incluídas, será de dous anos.

4.- Mediante Resolución da Presidencia de data 16 de xullo do 2025 aprobouse a prórroga anual do Contrato Baseado 2024/CON_02/000038- Subministración de Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión, por un importe de 723.995,60 euros, aos que hai que engadir 152.039,08 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 876.034,68 euros, de acordo co seguinte detalle:

SUBMINISTRACIÓN		IMPORTE TOTAL (IVE INCLuíDO)	IMPORTE ANUALIDADE 2025 (IVE INCLuíDO)	IMPORTE ANUALIDADE 2026 (IVE INCLuíDO)
ES0022000007659481BP1P	CLUB NÁUTICO BELESAR PRESA	477,91	238,96	238,95
ES0033770095770001MF0F	APIARIO GRANJA (COLMENAR)	2.671,64	1.335,82	1.335,82
ES0033770091375002WD0F	ESCUELA DE PIRAGÜISMO	30.710,73	15.355,37	15.355,36
ES0033770593651001AF0F	ALUMBRADO PÚBLICO PENOUÇOS	260,94	130,47	130,47
ES0033770548328001DW0F	ESCOLA TALLER VILANOVA	178,53	89,27	89,26
ES0033770594094001JG1P	ALUMBRADO PÚBLICO CHANCA	195,43	97,72	97,71
ES0022000007915396YW1P	CLUB NÁUTICO BELESAR PUEBLO	4.393,69	2.196,85	2.196,84
ES0033770065431001ZP0F	MUSEO DEL MAR	10.509,17	5.254,59	5.254,58
ES0033770085658001KA0F	ALUMBRADO PÚBLICO FERVEDOIRA	625,60	312,80	312,80
ES0022000004984646WG1P	MUSEO SAN PAIO DE NARLA	22.582,03	11.291,02	11.291,01
ES0022000004899957TR1P	MUSEO PAZO DE TOR	6.674,03	3.337,02	3.337,01

IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4		Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	3/52



SUBMINISTRACIÓN		IMPORTE TOTAL (IVE INCLUIDO)	IMPORTE ANUALIDADE 2025 (IVE INCLUIDO)	IMPORTE ANUALIDADE 2026 (IVE INCLUIDO)
ES0033770092789001R20F	ANTIGÜO HOTEL MIÑO. TOLDA	21.731,89	10.865,95	10.865,94
ES0033770082626001PR0F	PARQUE MÓVIL	42.000,45	21.000,23	21.000,22
ES0033770084995001ZR0F	CENTRAD	21.428,62	10.714,31	10.714,31
ES0033770588633001FD0F	MUSEO DE LA CESTERÍA	4.503,98	2.251,99	2.251,99
ES0033770068343001PR0F	ESTACIÓN BOMBEO	8.058,07	4.029,04	4.029,03
ES0033770092271013CD0F	DEPENDENCIAS PLAZA DE SANTO DOMINGO	2.505,84	1.252,92	1.252,92
ES0033770092634001RB0F	MUSEO PROVINCIAL	42.082,86	21.041,43	21.041,43
ES0022000008388536SD1P	ESCUELA DE CAZA Y PESCA TOR	2.467,29	1.233,65	1.233,64
ES0033620000028907K20F	RESIDENCIA DE POL	23.066,13	11.533,07	11.533,06
ES0033620000022982VT0F	RESIDENCIA DE TRABADA	23.766,50	11.883,25	11.883,25
ES0033620000022372JB0F	RESIDENCIA DE A FONSGRADA	22.335,98	11.167,99	11.167,99
ES0022000009092527XQ1P	RESIDENCIA DE CASTROVERDE	18.019,74	9.009,87	9.009,87
ES0022000009049519AH1P	RESIDENCIA DE PEDRAFITA	22.632,32	11.316,16	11.316,16
ES0022000007670638JX1P	CLUB NÁUTICO AUGAS MESTAS	4.628,24	2.314,12	2.314,12
ES0022000007983705DR1P	CLUB NÁUTICO DOADE	6.639,52	3.319,76	3.319,76
ES0033770519015001YL0F	CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO	13.720,37	6.860,19	6.860,18
ES0022000008881399PM1P	MAZO DE SANTA COMBA	21.430,04	10.715,02	10.715,02
ES0033770092263001VR0F	ESCOLA DE IMAXE E SON	51.973,08	25.986,54	25.986,54
ES0033620000009027PY0F	GRANJA (CENTRO DE RECRÍA)	136.435,44	68.217,72	68.217,72
ES0033770091779001HJ0F	PALACIO PROVINCIAL SAN MARCOS	76.718,47	38.359,24	38.359,23
ES0033770082361001DF0F	PAZO DOS DEPORTES	57.849,98	28.924,99	28.924,99
ES0033770088830001AG0F	HOGAR DE SANTA MARÍA	45.697,43	22.848,72	22.848,71
ES0022000001308292XQ1P	RESIDENCIA RIBAS DE SIL	31.265,52	15.632,76	15.632,76
ES0033770060787001HF0F	TALLER PIEDRA BEGONTE	4.135,61	2.067,81	2.067,80
ES0033620000048359QP0F	RESIDENCIA MEIRA	35.265,52	17.632,76	17.632,76
ES0022000001047552JG1P	RESIDENCIA BECERREA	27.531,04	13.765,52	13.765,52
ES0033620000045040XR0F	EVENTUAL LUCES MERCADO NADAL	2.420,00	1.210,00	1.210,00
ES0022000001318110TJ1P	RESIDENCIA NAVIA DE SUARNA	26.445,05	13.222,53	13.222,52
TOTAL		876.034,68	438.017,43	438.017,25

En virtude da mencionada Resolución da Presidencia de data 16 de xullo do 2025, os prezos unitarios que rexerán neste nova subministración resúmense na seguinte táboa:

IBERDROLA CLIENTES S.A.U.	TARIFA	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
	2.0TD	0,246424	0,165509	0,121276			
	3.0TD	0,223756	0,186756	0,150803	0,134316	0,116899	0,119937
	6.1TD	0,191696	0,160616	0,133986	0,122846	0,105334	0,107916

5.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 17 de outubro do 2025, adoptou o seguinte acordo:
“1º.- Aprobar a modificación número 1 do contrato baseado 2024/CON_02/000038-Subministración de Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (nº expediente PLACSP: CC.-01/2022), cun incremento do prezo de adxudicación de 4.986,38 €, aos que haberá que engadir 1.047,14 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 6.033,52 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. Os datos técnicos da subministración a incluír no contrato baseado son os seguintes:

IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4		Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	4/52





SUBMINISTRACIÓN	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
ES0022000001653130FS1P	LUG TOXAL REVOLTA, 0308 OF IC IN - LUGO, ANTAS DE ULLA, NUGALLAS -ARCOS- (27578)	43,65 KW	3.0 TD

O gasto anual estimado para esta subministración é o seguinte:

SUBMINISTRACIÓN	IMPORTE SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL IVE ENGADIDO
ES0022000001653130FS1P	6.595,09	1.384,97	7.980,06

A data estimada prevista para o inicio desta subministración a través do contrato de Enerxía Eléctrica da Deputación de Lugo é o 01 de Novembro de 2025, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar. Considerando o anterior,e, en virtude da Resolución de Presidencia de data 16 de Xullo de 2025 pola que se aproba a prórroga anual do Contrato Baseado 2024/CON_02/000038, a estimación do gasto previsto para esta subministración desde a data na que se inicie ata o 26 de xullo de 2026 é ao que ascenderá a modificación número 1 do contrato baseado é a seguinte:

SUMINISTRO	IMPORTE TOTAL SIN IVA	IVA	IMPORTE TOTAL (IVA INCLuíDO)	ANUALIAD 2025 (IVA INCLuíDO)	ANUALIAD 2026 (IVA INCLuíDO)
ES0022000001653130FS1P	4.986,38	1.047,14	6.033,52	1.323,22	4.710,3

O importe do gasto para esta subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

2º.- Adxudicar esta modificación número 1 á empresa adxudicataria do contrato baseado, Iberdrola Clientes, S.A.U., con CIF. A-95758389, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 4.986,38€, aos que haberá que engadir 1.047,14 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 6.033,52 € (IVE engadido). Esta modificación, realizada en virtude do artigo 204 da LCSP modificacións previstas nos pregos reitores, supón un incremento dun 0,69 % sobre o

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	5/52



prezo inicial do contrato baseado. A adxudicataria ademais deberá ter en conta que nas cláusulas 21.3 e 21.11 do mencionado PCA se indica que este novo punto de subministración ordinario pasará a formar parte do contrato baseado cos prezos e contidos que nel se establecen. En virtude do Decreto con data 16 de Xuño de 2025 os prezos unitarios que rexeran nesta nova subministración resúmense na seguinte táboa:

TARIFA	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
3.0TD	0,223756	0,186756	0,150803	0,134316	0,116899	0,119937

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2026 a cantidade de 4.710,3 euros, na aplicación correspondente.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación. En virtude da Resolución de Presidencia de data 16 de Xullo de 2025 pola que se aproba a prórroga anual do Contrato Baseado 2024/CON_02/000038, a data de finalización do mesmo é o 26 de xullo de 2025.

3º.- A formalización da modificación número 1 realizarase conforme co disposto no artigo 153 da LCSP e será publicada de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP”.

6.- En relación ás subministracións obxecto do presente informe, nova subministración 88739 Terra Cha, Avda. S/N oficinas , 27260 Castro e nova subministración 88737 Terra Cha, Avda. S/N Baixo para unidade de leite na Granxa Gayoso Castro. Granxa Experimental Campus Terra, 27260 Castro Riberas

Con data 18/11/2024 Sonia Verdes Gil, directora da Granxa Gayoso Castro, informa a Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía que para a Unidade de leite da Granxa e as dependencias das Oficinas da Granxa e necesario un punto de subministración eléctrica independente, por tal motivo solicita colaboración ao persoal da citada Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía para realizar todas as actuacións precisas para que se poida executar dito punto de subministración.

Dende a sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía realizáronse algúns trámites previos precisos coa empresa distribuidora BEGASA, posto que hai unha serie de traballos e actuacións cales é necesario que realice dita empresa. A esta respecto a empresa distribuidora asignou uns nº de expediente as solicitudes realizadas o cal e “88737 Terra Cha, Avda. S/N Baixo para Unidade de leite na Granxa Gayoso Castro. Granxa Experimental Campus Terra” e “88739 Terra Cha, Avda. S/N Oficinas ,27260 Castro”, e tamén confirmou que os novos puntos de subministración eran viables.

A Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía, para poder dar subministración eléctrica na unidade de leite e nas oficinas a través dun punto de

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	6/52





subministración independente, unha vez analizadas as necesidades, foron preciso realizar as obras que se contrataron a través dos contratos menores “(2024/CM2_04/000848) relativa á contratación de Obra de “Nova subministración 88737 Terra Cha, Avda. s/n Baixo para Unidade de leite na Granxa Gayoso Castro. Granxa Experimental Campus Terra, 27260 Castro Riberas” e “(2024/CM2_04/000864) relativa á contratación de Obra de “Nova subministración 88739 Terra Cha, Avda. s/n Oficinas, 27260 Castro”, os cales se tramitaron e supervisaron desde esta sección e as ditas obras xa están executadas.

Unha vez executadas as obras correspondentes e para poder dar subministración eléctrica na unidade de leite e nas oficinas a través dun punto de subministración independente, é preciso incorporar ditos suministros ao contrato de electricidade da Deputación de Lugo en vigor.

Polo tanto, e en virtude de todo o exposto anteriormente iníciase os trámites para proceder a realizar a prestación de ditas subministracións a través do contrato eléctrico da Deputación de Lugo.

Consideracións xurídicas:

Primeira.- O procedemento de adxudicación do contrato baseado realizouse conforme ao disposto no Acordo Marco para a subministración de Enerxía Eléctrica e aos pregos de cláusulas administrativas particulares (en diante PCA) e de prescricións técnicas (en diante PPT) de dito Acordo Marco, que rexeron a súa licitación, tras a adhesión á Central de Contratación por parte da Deputación de Lugo na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019.

Segunda.-A execución e resolución do contrato baseado supéditase ao disposto no Acordo Marco para a prestación da subministración de Enerxía Eléctrica da Central de Contratación e nos PCA e PPT que rexeron a licitación deste Acordo Marco, así como ao disposto pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP) e, en canto non se opoña, ao disposto polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	7/52



Supletoriamente aplicárase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación ao Acordo Marco e aos Contratos baseados no mesmo, a normativa sectorial vixente en cada momento.

Terceira.- Os datos técnicos das novas subministracións a incluír no contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Enerxía Eléctrica, son os seguintes:

SUBMINISTRACIÓN	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
ES0033770063721001WN0F	CL TERRA CHA, AVDA. S/N BAJO S/N, 27260 CASTRO (RIBEIR. LEA.AS S. XOAN), UNIDADE DE LEITE	69.282	3.0 TD
ES0033620000069437NH0F	TERRA CHA, AVDA. S/N, S/NCASTRO (RIBEIR. LEA.AS S. XOAN), 27260, OFICINAS	27.713	3.0 TD

O gasto anual estimado para esta subministración e o seguinte:

SUBMINISTRACIÓN	IMPORTE SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL IVE ENGADIDO
ES0033770063721001WN0F	21.984,93	4.616,84	26.601,77
ES0033620000069437NH0F	5.496,23	1.154,21	6.650,44
TOTAL	27.481,16	5.771,05	33.252,21

A data estimada prevista para o inicio destas subministracións a través do contrato baseado de Enerxía Eléctrica da Deputación de Lugo é o 01 de Mayo do 2026, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar. Considerando o anterior, a estimación do gasto previsto para esta subministración desde a data na que se inicie ata o 26 de xullo de 2026 é ao que ascenderá a modificación número 2 do contrato baseado é a seguinte:

SUMINISTRO	IMPORTE TOTAL SIN IVA	IVA	IMPORTE TOTAL (INVA INCLUIDO)	ANUALIAD 2026 (IVA INCLUIDO)
ES0033770063721001WN0F	5.496,23	1.154,21	6.650,44	6.650,44
ES0033620000069437NH0F	1.374,06	288,55	1.662,61	1.662,61
TOTAL	6.870,29	1.442,76	8.313,05	8.313,05

O importe do gasto para estas subministracións foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Cuarta.- No que respecta ao procedemento a seguir para proceder á modificación número 2 do contrato baseado e incluír a subministración descrita na consideración anterior, compre acudir ao sinalado ao respecto tanto no PCA como na LCSP:

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	8/52





a) A Cláusula 23 do PCA do Acordo Marco (Prerrogativas dos entes locais, réxime de invalidez, réxime de recursos e xurisdición competente), punto 1 (Prerrogativas da Administración), establece que “El Órgano de Contratación de cada “Entidad contratante” tendrá la prerrogativa de interpretar los Contratos basados, resolver las dudas que ofrezca su cumplimiento, modificarlos, acordar su resolución y determinar los efectos de ésta en virtud del artículo 190 y siguientes de la LCSP”.

Por outra banda, a cláusula 21.11 do mencionado PCA (Modificación de los Contratos basados) sinala textualmente: “Conforme a lo dispuesto en la cláusula 21.3 del PCA, las “Entidades contratantes” podrán solicitar la inclusión de nuevos puntos de suministro (excepto suministros eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación siempre que supongan, como máximo, un incremento del 20% respecto del precio valor estimado del contrato atendiendo a los consumos que representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. El contratista estará obligado a suministrar electricidad en dichos puntos, siempre que se cumplan los requisitos previstos en la presente cláusula. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la “Entidad contratante” incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la adjudicataria del Contrato basado en la que se solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado”.

Respecto desta cuestión, no informe do Responsable do Contrato no que se solicita a modificación número 2, indícase expresamente;

“Sinalar a este respecto que a subministración que se pretende introducir no contrato, non estaba prevista no documento de invitación enviado as empresas adxudicatarias do Acordo Marco, posto que naquel momento se descoñecía a existencia da necesidade de dita subministración...”

b) Pola súa banda, o artigo 190 da LCSP exprésase en termos similares á Cláusula 23 do PCA ao sinalar que “Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificarlos por razóns de interese público”.

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	9/52	

A continuación, no artigo 191.1 da LCSP establécese que “Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior, deberá darse audiencia ao contratista”. A este respecto, indicar que, a pesar de estar prevista no PCA á modificación do contrato baseado para incluír altas ordinarias, obra no expediente documento de conformidade co inicio do expediente de modificación do presente contrato baseado nos termos indicados na consideración terceira, asinado pola adxudicataria de dito contrato baseado, Iberdrola Clientes, S.A.U. , en virtude do cal, entendese cumprido o trámite de audiencia ao contratista ao que se refire o artigo 191.1 da LCSP.

c) Ao ser esta unha modificación dun contrato baseado nun acordo marco, resulta tamén de aplicación o previsto no Artigo 222 da LCSP, relativo á Modificación dos Acordos Marco e dos Contratos Baseados nun Acordo Marco, que no seu apartado primeiro sinala o seguinte:

“Os acordos marco e os contratos baseados poderán ser modificados de acordo coas regras xerais de modificación dos contratos. En todo caso, non se poderán introducir por contrato baseado modificacións substanciais respecto do establecido no acordo marco.

Os prezos unitarios resultantes da modificación do acordo marco non poderán superar nun 20 por cento aos prezos anteriores á modificación e en ningún caso poderán ser prezos superiores aos que as empresas parte do acordo marco ofrezan no mercado para os mesmos produtos”.

A este respecto no informe asinado polo Responsable do contrato baseado establécese o seguinte:

“En relación a primeira cuestión indicar que a modificación do contrato baseado que se pretende realizar para introducir a subministración descrita na consideración terceira do presente informe, non supón unha modificación substancial respecto do establecido no Acordo Marco. Trátase dunha subministración, que será realizada nas mesmas condicións que as que forman parte da contratación, respectando o indicado nos Pregos Reitores do mesmo.

No que respecta a segunda das cuestións sinaladas no artigo 221.1 da LCSP, procede indicar que os prezos unitarios que se aplicarán na subministración que resulten da modificación do contrato baseado, serán os mesmos que se apliquen para o resto de subministracións obxecto do contrato, (tarifa 3.0TD), polo tanto esta nova subministración non implicará ningún incremento nos prezos unitarios do contrato”.

Á vista do exposto cúmprese o sinalado no artigo 222 da LCSP.

Quinta.- As regras xerais de modificación dos contratos regúlanse nos artigos 203 e seguintes da LCSP.

1. Respecto da potestade de modificación do contrato, o apartado 1 do artigo 203 da LCSP sinala que “os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta Subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207”. Pola súa banda o apartado segundo do mencionado artigo 203 dispón que “os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	10/52





a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205”.

Respecto da primeira cuestión sinalar que motívase a concorrencia de interese público na modificación número 2 do contrato baseado que se pretende realizar pola necesidade de proporcionar subministración de Enerxía Eléctrica nas seguintes subministracións: nova subministración 88739 Terra Cha, Avda. S/N oficinas, 27260 Castro e nova subministración 88737 Terra Cha, Avda. S/N Baixo para Unidade de leite na Granxa Gayoso Castro. Granxa Experimental Campus Terra, 27260 Castro Riberas. Tales instalacións dependen da Deputación de Lugo, polo tanto, a subministración de Enerxía Eléctrica das mesmas deberá facerse a través do referenciado contrato de Enerxía Eléctrica da Deputación de Lugo.

Indicar tamén que, tendo en conta que como no PCA do Acordo Marco están previstas expresamente as modificacións dos contratos baseados para incluír novas subministracións de carácter ordinario nos termos que se establecen no artigo 204 da LCSP, hai que acudir ao sinalado no artigo 204 da LCSP para o análise das condicións e requisitos precisos para a súa realización.

2. O Artigo 204 da LCSP, establece textualmente:

“1. Os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares se advertira expresamente desta posibilidade, na forma e co contido seguintes:

a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.

b) Así mesmo, no que respecta a o seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva; e o procedemento que haxa de seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	11/52	

A formulación e contido da cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita aos candidatos e licitadores comprender o seu alcance exacto e interpretala da mesma forma e que, por outra banda, permita ao órgano de contratación comprobar efectivamente o cumprimento por parte dos primeiros das condicións de aptitude esixidas e valorar correctamente as ofertas presentadas por estes.

En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no prego de cláusulas administrativas particulares modificacións que poidan alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera esta se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual”.

No informe do Responsable do contrato baseado xustifícase o cumprimento dos requisitos do artigo 204 da LCSP nos seguintes termos:

“No que respecta á porcentaxe máxima de modificación indicada no apartado 1 do artigo 204 da LCSP, para calcular o incremento sobre o prezo inicial do contrato baseado que supón a modificación número 2 a realizar, hai que acudir ao seu prezo de adxudicación. O prezo de adxudicación do contrato baseado ascendeu a 876.034,68 euros. Este importe inclúe 152.039,08 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21% cantidade que se engade aos 723.995,60 euros de base. Este último importe sen considerar o IVE, será o que se tome como referencia aos efectos de calcular a porcentaxe de incremento que supón sobre o seu prezo inicial a modificación do contrato baseado que se pretende realizar.

Tamén debemos ter en conta que como xa se indicou anteriormente na Xunta de Goberno do 17 De Outubro do 2025 aprobouse unha primeira modificación do contrato baseado 2024/CON_02/000038- Subministración de Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (nº expediente PLACSP: CC.-01/2022), cun incremento do prezo de adxudicación de 4.986,38 €, aos que haberá que engadir 1.047,14 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 6.033,52 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. Dita modificación supoñía un incremento dun 0,69 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído), non superando por tanto o 20 % do seu prezo inicial (IVE excluído).

Polo tanto, e tendo en conta que o gasto que se estima para estas dúas subministracións é de 6.870,29 euros (IVE excluído), a modificación número 2 do contrato baseado que se pretende realizar supón un incremento dun 0,95% sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). A suma das dúas modificacións supón un incremento dun 1,64% sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído), non superando por tanto a suma da modificación xa realizada e a modificación 2 o 20 % do seu prezo inicial (IVE excluído), co que se cumpre co indicado no artigo 204 da LCSP.

Por outra banda, cúmprese tamén coa previsión sinalada nas letras a) e b) do apartado 1 do artigo 204 da LCSP, xa que como se indicou anteriormente a modificación está prevista na cláusula 21.11 PCA do Acordo Marco de forma clara, precisa e inequívoca.

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	12/52





Respecto do sinalado no apartado 2 do artigo 204 da LCSP, sinalar que a modificación número 2 que se pretende realizar non altera de ningún modo a natureza global do contrato inicial, que non é outra que a subministración de Enerxía Eléctrica na Deputación de Lugo. A finalidade da modificación do contrato baseado, responde á necesidade de realizar unha subministración ordinaria de Enerxía Eléctrica para a entidade provincial que non implica a substitución das subministracións que se realizan por outras diferentes e que como xa se indicou anteriormente na análise do artigo 222 da LCSP, está claramente incluída no obxecto do contrato”.

A vista do exposto enténdese xustificada a modificación número 2 do contrato baseado que se pretende realizar ao cumprir os requisitos esixidos polo artigo 204 da LCSP, aplicable neste suposto.

3. Para a realización da modificación número 2 que se pretende realizar hai que ter en conta o previsto no artigo 207.1 da LCSP onde se establece que “No caso previsto no artigo 204 as modificacións contractuais acordaranse na forma que se especificou nos pregos de cláusulas administrativas particulares”.

Sobre este particular no informe do Responsable do contrato mencionado sinálase que “A este respecto como xa se indicou, a cláusula 21.11 do PCA do Acordo Marco sinala Conforme a lo dispuesto en la cláusula 21.3 del PCA, las “Entidades contratantes” podrán solicitar la inclusión de nuevos puntos de suministro (excepto suministros eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación siempre que supongan, como máximo, un incremento del 20% respecto del precio valor estimado del contrato atendiendo a los consumos que representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. El contratista estará obligado a suministrar electricidad en dichos puntos, siempre que se cumplan los requisitos previstos en la presente cláusula. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la “Entidad contratante” incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la adjudicataria del Contrato basado en la que se solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado...”

4. Indicar, ademais, que na modificación número 2 que se pretende realizar, non será preceptivo ditame do Consello de Estado ou Órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, en virtude do indicado no artigo 191.3 b) na LCSP “Las

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	13/52	

modificaciones de los contratos cuando no estuvieran previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares y su cuantía, aislada o conjuntamente, sea superior a un 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido, y su precio sea igual o superior a 6.000.000 de euros”, posto que como xa se indicou, esta modificación está prevista no PCA do Acordo Marco.

5. Respecto das obrigas do adxudicatario sinalar que, o mesmo deberá estar ao disposto na cláusula 21.3 do mencionado PCA do Acordo Marco:(Ejecución y cumplimiento de los Contratos basados) que sinala textualmente: “El contratista estará obligado a suministrar electricidad a aquellos nuevos puntos de suministro (excepto suministros eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación que sean solicitados por las “Entidades contratantes” siempre que supongan, como máximo,

un incremento del 20% respecto del precio valor estimado del contrato atendiendo a los consumos que representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la “Entidad contratante” incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la adjudicataria del Contrato basado en la que se solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado”.

6. Por tratarse dun contrato de subministración suxeito a regulación harmonizada (o valor estimado do mesmo é de 1.737.589,44 euros), hai que cumprir co indicado no artigo 207.3 da LCSP “Los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato que esté sujeto a regulación armonizada, a excepción de los contratos de servicios y de concesión de servicios enumerados en el anexo IV, en los casos previstos en las letras a) y b) del apartado 2 del artículo 205 deberán publicar en el «Diario Oficial de la Unión Europea» el correspondiente anuncio de modificación conforme a lo establecido en esta Ley”.

Tamén é de aplicación o seguinte apartado, recollido nese mesmo artigo: “Asimismo los órganos de contratación que hubieren modificado un contrato durante su vigencia, con independencia de si este está o no sujeto a regulación armonizada y de la causa que justifique la modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación”

En base ao exposto deberá darse publicidade á modificación número 2 do contrato baseado mediante a publicación do correspondente anuncio no DOUE e no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Sexta.- Tal e cómo expón o responsable do contrato no seu informe, o importe total do contrato baseado 2024/CON_02/000038-Subministración de Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	14/52





contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (nº expediente PLACSP: CC.-01/2022), unha vez realizada a modificación número 2 será o seguinte:

IMPORTE TOTAL SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)	% DE INCREMENTO RESPECTO DO PREZO INICIAL DO CONTRATO BASEADO
735.852,27	154.528,98	890.381,25	1,64%

Sétima.- A modificación número 2 do contrato baseado non conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.3 da LCSP, posto que para a adxudicación do mesmo non foi obxecto de constitución. A este respecto no propio acordo da Xunta de Goberno de 21 de xuño do 2024 polo que se procedeu a adxudicación do contrato baseado indicábase o seguinte:

“Non se esixe garantía definitiva, de conformidade coa cláusula 21.13 do PCA: “Garantías en los contratos basados”, ao tratarse dunha subministración de bens consumibles cuxa entrega e recepción debe efectuarse antes do pago do prezo. Tampouco deberá constituírse garantía provisional”.

Oitava.- Respecto da formalización da modificación número 2 do contrato baseado, e de acordo co sinalado no artigo 153 da LCSP, nos contratos baseados nun acordo marco non resultará necesaria a formalización do contrato. Conforme ao establecido no artigo 36.3 da LCSP e a cláusula 21.1, apartado C) do PCA do Acordo marco, os contratos baseados nun acordo marco, o que resulta aplicable tamén á súa modificación, perfeccionanse coa notificación da súa adxudicación ao contratista.

Novena.- Indicar a este respecto, como sinala a base 36, das bases de execución do orzamento 2026, que “(...)establécese o sistema de fiscalización e intervención limitada previa en réxime de requisitos básicos e adicionais, con vixencia indefinida, segundo a Base 36, apartado 1.3.6.5 de Execución do Orzamento de 2023”, polo que enténdese desde o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias do artigo 204 da LCSP.

Décima.- Polo que se refire ao órgano competente para realizar a modificación número 2 do contrato baseado a realizar, e de conformidade co previsto nos artigos 61.1 e 61.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e, en

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	15/52



virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación, que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Conclusión:

En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente a modificación número 2 do contrato Baseado 2024/CON_02/000038-Subministración de Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (nº expediente PLACSP: CC.-01/2022) , sempre que se fiscalice o expediente pola Intervención; xa que logo entende o que subscribe que procede que polo órgano de contratación se adopte o seguinte acordo:

1. Aprobar a modificación número 2 da contratación 2024/CON_02/000038-Subministración de Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (nº expediente PLACSP: CC.-01/2022), cun incremento do prezo de adxudicación de 6.870,29 €, aos que haberá que engadir 1.442,76 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 8.313,05 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. Os datos técnicos da subministración a incluír no contrato baseado son os seguintes:

SUBMINISTRACIÓN	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
ES0033770063721001WN0F	CL TERRA CHA, AVDA. S/N BAJO S/N, 27260 CASTRO (RIBEIR LEA.S S. XOAN),UNIDADE DE LEITE	69.282	3.0 TD
ES0033620000069437NH0F	TERRA CHA, AVDA. S/N,S/NCASTRO (RIBEIR LEA.S S. XOAN),27260, OFICINAS	27.713	3.0 TD

O gasto anual estimado para esta subministración e o seguinte:

SUBMINISTRACIÓN	IMPORTE SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL IVE ENGADIDO
ES0033770063721001WN0F	21.984,93	4.616,84	26.601,77
ES0033620000069437NH0F	5.496,23	1.154,21	6.650,44
TOTAL	27.481,16	5.771,05	33.252,21

A data estimada prevista para o inicio desta subministración a través do contrato de Enerxía Eléctrica da Deputación de Lugo é o 01 de Mayo do 2026, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar. Considerando o anterior, a estimación do gasto previsto para esta subministración desde a data na que se inicie ata o 26 de xullo de 2026 é ao que ascenderá a modificación número 2 do contrato baseado é a seguinte:

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	16/52





SUMINISTRO	IMPORTE TOTAL SIN IVA	IVA	IMPORTE TOTAL (INVA INCLUIDO)	ANUALIAD 2026 (IVA INCLUIDO)
ES0033770063721001WN0F	5.496,23	1.154,21	6.650,44	6.650,44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	34/52





1º.- Adjudicar á empresa Cholo SL con C.I.F. B-27028810 a contratación da obra denominada LUGO.- Rehabilitación de firme na Avenida Adolfo Suárez de Lugo – Tramo entre glorieta con C/ Serra de Meira – Montero Ríos – fin suelo urbano. Tramo I. (2025/CON_02/000131) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 19/12/2025 nos termos seguintes:

- a. Prezo de 177.358,20 €, dos cales 30.781,17€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Aumento do prazo de garantía en 3 anos por enriba do obrigatorio.
- c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00€ mais IVE.
- d. Cumprimento da oferta técnica.

e. Prazo de execución: 1,5 meses.(previsto nos pregos – 3 meses- coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, -45 días naturais-)

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución; e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adjudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	35/52	

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN DEPUTACIÓN 2025.

Proposta de aprobación, se procede, relación co escrito da alcaldía do Concello de O SAVIÑAO solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos nº 278-279 incluídos no Plan Deputación 2025

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de O SAVIÑAO no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (278-279) incluídos no Plan Deputación 2025, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2024 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Deputación 2025. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2025.

2. Nas devanditas bases establécese, concretamente na base 15 “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións, ou derivadas de modificacións/substitucións de investimentos, poderán ser investidas por cada concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2026, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o/s cartel/es como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados no mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de 2 meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2026.

(...)

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	36/52





As baixas na licitación non poderán aplicarse en ningún caso a reducir a aportación municipal obrigatoria, non obstante, si poderán ser destinadas a diminuír o financiamento voluntario, nos investimentos, de cada Concello.

3. O Plan Deputación 2025 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 25/03/2025, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de O SAVIÑAO presentou Anexo III de obras incluídas no plan Deputación, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
O SAVIÑAO	278	MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS VILATÁN - MARRUBE E A RETORTA - OUSENDE, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	5.039,48€
	279	SUBMINISTRO DE FORMIGÓN PARA ADECUACIÓN DE ESTRADAS EN SAVIÑAO, LAMAS-CHAVE, SEGÁN-CHEDA, FORCADOS, SAN ADRIÁN, CAMPO BUGALLA, BUGALLA, VILATÁN, MORGAGE, BARRIO, VEIGA, VILLACAIZ, XIXIRIZ, CURRELOS, MANARIZ, CHAVE-ESCUELA	1531.76201	2.348,86€

5. Por escrito con RE nº 2026RT004089 de data 05/03/2026 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
O SAVIÑAO	REM	SUBMINISTRO DE FORMIGÓN PARA ADECUACIÓN ESTRADAS EN CASANOVA, CASANOVA 2 E VEITUREIRA	1531.76201	0,00 €	7.371,00€	7.371,00€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Deputación 2025, "...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	37/52



Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de O SAVIÑO, no Plan Deputación 2025.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O SAVIÑO e incluír no Plan Deputación 2025, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMIENTO
O SAVIÑO	REM	SUBMINISTRO DE FORMIGÓN PARA ADECUACIÓN ESTRADAS EN CASANOVA, CASANOVA Z E VEITUREIRA	1531.76201	0,00 €	7.371,00€	7.371,00€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE XUNTA DE GOBERNO RELATIVA Á RENUNCIA Á/S AXUDA/S INTEGRADA/S NO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans, que se transcribe a continuación:

“Antecedentes:

1. Na sesión ordinaria do 26/12/2023 o Pleno provincial acordou a aprobación das BPDECC24, que foron publicadas no BOP Nº 006 de data 08/01/2024. O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 26/03/2024, acordou prestar aprobación ao PDECC24, no que figuran o/s investimento/s obxecto deste informe,

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	38/52





CONCELLO	ID	CONCEPTO	ACHEGA ⁽¹⁾
Incio (O)	129	SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS PARA CONTROL CON TELEMETRÍA DOS DEPÓSITOS DE AUGA	3.303,30 €
Negueira de Muñiz	176	MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO DE NEGUEIRA	22.514,88 €
Pobra de Brollón	227	HUMANIZACIÓN DA RÚA IGREXA (TRAMO 2), INCLUÍDO HONORARIOS	49.898,80 €
Ribas de Sil	254	ACONDICIONAMENTO DE ESCOLA DE NOGUEIRA	35.000,00 €

⁽¹⁾ Achega: Refírese ao financiamento provincial aprobado no PUCC24.

2. De acordo co establecido na Base 7 BPDECC24 e previa solicitude do/s concello/s que se indican a continuación, a Deputación abonou anticipo con dispensa de garantía polas cantidades detalladas, que equivalen ao 50% do importe total da axuda aprobada inicialmente no PDECC24.

CONCELLO	ID	ACHEGA ⁽¹⁾	ANTICIPO
Incio (O)	129	3.303,30 €	1.651,65 €
Pobra de Brollón	227	49.898,80 €	24.949,40 €

3. A base: 7 BPDECC24 “Anticipos” establece que: “No caso de que a Deputación tivese aboado o anticipo e o concello non xustificase a totalidade da cantidade ingresada, o Concello xunto coa conta xustificativa, deberá reintegrar na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-0423 o exceso que corresponda, actuando a Deputación nos termos do disposto no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”. A base 17.1 “Xustificación da achega provincial” reitera: “No caso de non executarse e/ou xustificarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada nos termos do disposto no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”. E a base 18 “Renuncia” recalca: “No caso de que a Deputación tivese aboado anticipo, e o Concello renunciase, desistise ou non executase o investimento, actuación, evento ou actividade, dito Concello presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-0423, actuando da Deputación nos termos do disposto no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”.

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	39/52



Como vía propia para interactuar coa Deputación o/s concello/s utiliza/n medios telemáticos e forma/n os correspondentes expedientes electrónicos que, expirado o prazo sen ter rendido conta xustificativa, documentan a devolución da totalidade do importe anticipado.

CONCELLO	ID	EXPEDIENTE	DATA VALOR ⁽²⁾
Incio (0)	129	2025/PES_03/024181	02/12/2025
Pobra de Brollón	227	2024/PES_03/007563	08/01/2026

⁽²⁾ Data valor: Refírese á data de ingreso do anticipo na conta bancaria habilitada pola Deputación, reflectida no documento bancario incorporado ao expediente.

4. Tanto a base 15.1 BPDECC24 “Aforros producidos ou baixas”, que alude aos aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións, ou derivadas de modificacións ou substitucións de investimentos, como a base 17.2 BPDECC24 “Xustificación programa investimentos”, dispoñen que todos os investimentos financiados con cargo ao PDECC24 deben estar xustificadas en dous meses a contar dende a súa finalización, con data límite de vencemento o día 15/11/2025, prazo que se computa de acordo co sinalado no artigo 30 LPACAP, é dicir, excluindo os sábados, os domingos e os declarados festivos. A DA cuarta BPDECC24 precisa os efectos do seu incumprimento: “Transcorrido o prazo de xustificación establecido nas bases, sen ter presentado a correspondente conta xustificativa, entenderase que o Concello renuncia á achega”.

Na data actual constátase que o/s concello/s que se relacionan a continuación non renden conta xustificativa en prazo, renunciando á achega provincial para o/s investimento/s concreto/s que se detallan; a renuncia pode formularse en calquera momento do procedemento, de forma oral ou mediante simple comparecencia ante o funcionario encargado da súa tramitación, ou ben por escrito, persoalmente ou a través de representante, pero para que teña eficacia e forza de obrigar, poñendo fin ao procedemento, é preciso que sexa aceptada pola Administración:

Renuncia mediante acto tácito: A omisión por parte dos seguinte/s concello/s, constitúese como unha clara manifestación da vontade administrativa de renunciar ao financiamento provincial, ratificada coa devolución do importe previamente anticipado e confirmada polo funcionario municipal encargado da súa xestión:

CONCELLO	ID	CONCEPTO
Pobra de Brollón	227	HUMANIZACIÓN DA RÚA IGREXA (TRAMO 2), INCLÚIDO HONORARIOS

Renuncia mediante acto expreso: O/s concello/s relacionado/s manifestan mediante un pronunciamento expreso, claro, inequívoco e directo a súa vontade administrativa de renunciar ao financiamento provincial:

CONCELLO	ID	CONCEPTO
Incio (0)	129	SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS PARA CONTROL CON TELEMETRÍA DOS DEPÓSITOS DE AUGA
Negueira de Muñiz	176	MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO DE NEGUEIRA
Ribas de Sil	254	ACONDICIONAMENTO DE ESCOLA DE NOGUEIRA

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	40/52





5. O artigo 94.1 LPACAP establece que á renuncia só se permite cando non estea prohibida polo ordenamento xurídico: “Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no esté prohibido por el ordenamiento jurídico, renunciar a sus derechos”.

Así mesmo o artigo 94 LPACAP sinala que, unha vez formulada a renuncia, a Administración pública debe aceptala sen mais: “La Administración aceptará de plano el desistimiento o la renuncia”.

A renuncia produce efectos finalizadores do procedemento, é dicir, que aplicando o artigo 94.4 LPACAP a Administración tras aceptar a renuncia “declarará concluso o procedemento”.

6. A base 18 BPDECC24 establece que “Os concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade, que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno”. Do que se deduce que o Órgano competente para aceptar a renuncia da axuda integrada no PDECC24 é a Xunta de Goberno da Deputación.

Conclusión:

A concorrencia ao PDECC24 por parte dos concellos adheridos determina a aceptación íntegra das súas Bases, prestando un consentemento libre e informado do contido das mesmas e por outra banda, a entrega dineraria aos concellos por parte da Deputación de Lugo vincúlase ao cumprimento dun fin concreto nos termos das Bases, polo que visto que consta acreditado que o/s concello/s que son obxecto deste informe e para o/s investimento/s concreto/s indicado/s nel, non teñen rendida conta xustificativa dentro do prazo estipulado, debe aplicarse a DA cuarta BPDECC24, e consecuentemente incoar a renuncia á/s axuda/s integrada/s no PDECC24, xa que logo, con elo non se contraría ao interese público nin se prexudica a terceiros.

Acorde co establecido nas BPDECC24, estímase que procede aceptar a renuncia á/s axuda/s indicada/s no seguinte punto 1, cos efectos que establece o artigo 94 LPACAP e co fin de evitar que o/s concello/s relacionado/s poda/n incorrer nalgunha das responsabilidades previstas na LXS, polo que infórmase favorablemente:

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	41/52	

1) Que se teña por formulada a renuncia por parte do/s concello/s, aceptando a mesma para o/s investimento/s contido/s no “PDECC24” que se indica/n a continuación:

CONCELLO	ID	CONCEPTO	ACHEGA ⁽¹⁾
Incio (0)	129	SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS PARA CONTROL CON TELEMETRÍA DOS DEPOSITOS DE AUGA	3.303,30 €
Negueira de Muñiz	176	MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO DE NEGUEIRA	22.514,88 €
Pobra de Brollón	227	HUMANIZACIÓN DA RÚA IGREXA (TRAMO 2), INCLUÍDO HONORARIOS	49.898,80 €
Ribas de Sil	254	ACONDICIONAMENTO DE ESCOLA DE NOGUEIRA	35.000,00 €

⁽¹⁾ Achega: Refírese ao financiamento provincial aprobado no PUCC24.

2) Que se acepte o reintegro da/s cantidade/s anticipada/s ao/s concello/s polo/s importe/s indicado/s.

CONCELLO	ID	ACHEGA ⁽¹⁾	ANTICIPO
Incio (0)	129	3.303,30 €	1.651,65 €
Pobra de Brollón	227	49.898,80 €	24.949,40 €

3) Que se declare concluso o procedemento inherente á/s axuda/s especificadas no punto 1, polo concepto e importe consignado no PDECC24.

4) Que se notifique o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores.

É canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Finalizada a tramitación deste expediente electrónico, dáselle traslado e propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Terse por formulada a renuncia por parte do/s concello/s, aceptando a mesma para o/s investimento/s incluído/s no “PDECC24” que se indica/n no cadro:

CONCELLO	ID	CONCEPTO	ACHEGA ⁽¹⁾
Incio (0)	129	SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS PARA CONTROL CON TELEMETRÍA DOS DEPOSITOS DE AUGA	3.303,30 €
Negueira de Muñiz	176	MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO DE NEGUEIRA	22.514,88 €
Pobra de Brollón	227	HUMANIZACIÓN DA RÚA IGREXA (TRAMO 2), INCLUÍDO HONORARIOS	49.898,80 €
Ribas de Sil	254	ACONDICIONAMENTO DE ESCOLA DE NOGUEIRA	35.000,00 €

⁽¹⁾Achega: Refírese á cantidade aprobada no PUCC24 como financiamento provincial.

2º.- Aceptar o reintegro da/s cantidade/s anticipada/s ao/s concello/s polo/s importe/s indicado/s.

CONCELLO	ID	ACHEGA ⁽¹⁾	ANTICIPO
Incio (0)	129	3.303,30 €	1.651,65 €
Pobra de Brollón	227	49.898,80 €	24.949,40 €

3º.- Declarar concluso o procedemento inherente á/s axuda/s, polo concepto e importe que figura no PDECC24 e que se especifica no punto 1 anterior.

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	42/52





4º.- Notificar o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- RECTIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE VALIDACIÓN DO GASTO DE DIVERSAS FACTURAS.

1º.- Rectificación, se procede, da proposta de validación de gasto das facturas BD 854 e B 958 de Canteira do Penedo, S.A., do Servizo do Parque Móbil, aprobadas en Xunta de Goberno.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Detectado erro material na Proposta de Validación do gasto dos Expedientes 2026/FAC_01/000230 e 2026/FAC_01/000232, proponse a corrección do mesmo, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Onde dí: “en relación ca omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio fora de contrato”, debe decir: en relación ca omisión de fiscalización de obrigas fora de contrato”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Rectificación, se procede, da proposta de validación de gasto da factura B 1036 de Canteira do Penedo, S.A., do Servizo do Parque Móbil, aprobada en Xunta de Goberno.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Detectado erro material na Proposta de Validación do gasto do Expediente 2026/FAC_01/000530, proponse a corrección do mesmo, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Onde dí: “en relación ca

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	43/52	

omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio fora de contrato”, debe decir: en relación ca omisión de fiscalización de obrigas fora de contrato”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- Rectificación, se procede, da proposta de validación de gasto da factura 5626202568001092 de Probisa Productos Bituminosos S.L.U., do Servizo do Parque Móbil, aprobada en Xunta de Goberno.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Detectado erro material na Proposta de Validación do gasto do Expediente 2026/FAC_01/000607, proponse a corrección do mesmo, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Nos dous cadros o número da factura é incorrecto, onde dí: “5626202668001092”, debe decir: “5626202568001092”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO EN CATRO (4) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, DE PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN DE LUGO, DÚAS (2) INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023, APARTADO IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART 20.DOS.4, IB)2. RÉXIME XURÍDICO LABORAL; E DÚAS (2) NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024, APARTADO IA) TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN, COTA XERAL, ACCESO LIBRE.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor::

“1. Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal laboral que a continuación se indican, vacantes e dotadas, dúas (2) incluídas nas Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), que figuran no apartado Ib) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, Art.20.Dos.4, Ib)2. réxime xurídico laboral,

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	44/52





Ib)2.1 cota xeral; e dúas (2) incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2024, aprobada por resolución da presidencia do 27.12.2024 e publicada no BOP de Lugo núm. 301, do 31.12.2024, que figuran no apartado Ia) taxa ordinaria de reposición de efectivos, Ia)2 réxime xurídico laboral, polo sistema de concurso-oposición, cota xeral, acceso libre, e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2. Caracterización da praza.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2023	3347 3332	Peón/a reparación vías provinciais	1726 1447	Peón/a reparación vías provinciais entrada	AP	Xeral
2	2024	3324 3348		1439 1727			

3. Normativa de aplicación.

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal laboral están sometidos a normativa vixente:

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Lei 30/1984, do 2 de agosto de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).

Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP).

Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET).

Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).

Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	45/52	

Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020)

Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.

Convenio colectivo para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 200, do 30.08.1990) e as súas posteriores modificacións.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCC).

4. Consideracións xurídicas e técnicas.

A) Convocatoria.

As prazas que se pretenden convocar están incluídas na oferta de emprego público (OEP) do ano 2023, no apartado Ib) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, Art.20.Dos.4, Ib)2. réxime xurídico laboral; e na OEP do ano 2024, apartado Ia) taxa ordinaria de reposición de efectivos, Ia)2 réxime xurídico laboral, acceso libre, non estando caducadas por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal laboral como vacantes dotadas, cumpríndose o sinalado no:

Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".

Artigo 91.2 da LRBRL "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".

B) Sistema selectivo.

O sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

O Artigo 31.2 do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo: "Toda selección de persoal laboral fixo deberá realizarse de conformidade con dicha Oferta (Oferta de Emprego Público) mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso - oposición nos que se garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade"

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	46/52	



Artigo 61.6 do TRLEBEP: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)”.

Artigo 171.2 do TRRL: “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”.

Artigo 8.4 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:

“Na Subescala de Servizos Especiais as plazas de Labores Especiais se provistarán así mesmo polo sistema de oposición libre con carácter xeral, salvo nos supostos debidamente motivados, en que a aptitude específica propia desta Subescala esixa coñecementos, habilidades e aptitudes que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso, nese caso o procedemento de selección será o concurso-oposición”.

Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas das prazas que se convocan e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

C) Grupo/subgrupo e clasificación.

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	47/52



As prazas de peón/a reparación vías provinciais pertencen a Agrupacións Profesionais (AP) (Disposición Adicional sexta do TREBEP, por remisión do convenio colectivo único da deputación provincial de Lugo).

D) Requisitos de participación.

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) e, de acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, e coa disposición adicional sexta do TRLEBEP, non será necesario estar en posesión de ningunha titulación académica oficial.

E) Aprobación da convocatoria e bases.

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

F) Cumprimento da legalidade.

O procedemento selectivo:

a) Garante a libre concorrència así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

Artigo 55.1 do TRLEBEP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

Artigo 55.2 do TRLEBEP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.

b) Transparencia.

c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección”.

Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrència sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas”.

b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	48/52





5. Proposta de acordo.

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente, dúas (2) incluídas na OEP do ano 2023, no apartado IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, Art.20.Dos.4, Ib)2. réxime xurídico laboral, e dúas (2) incluídas na OEP do ano 2024, no apartado Ia) taxa ordinaria de reposición de efectivos, Ia)2 réxime xurídico laboral, taxa xeral, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre:

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2023	3347 3332	Peón/a reparación vías provinciais	1726 1447	Peón/a reparación vías provinciais entrada	AP	Xeral
2	2024	3324 3348		1439 1727			

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12.03.2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes”.

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	49/52	

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

1ª.- Dación de conta da resolución de Presidencia de data 5 da marzo de 2026

Dase conta da resolución de Presidencia de data 5 da marzo de 2026:

“Vista a resolución da Presidencia de data 5 de marzo de 2026, cuxo teor literal é o seguinte:

“Tras ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, a teor do seguinte texto:

“Visto que con data 3 de marzo de 2026 se notifica a través do buzón de Lexnet da Asesoría Xurídica por parte do Tribunal de Instancia Sección do Social Praza nº3 de Lugo a cédula de citación, decreto de admisión e demanda en relación co procedemento: Procedemento Ordinario 0000016/2026 seguido a instancia de D. Juan Díaz Ruiz fronte á Deputación Provincial de Lugo e fronte ó Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento en materia de recoñecemento de dereito.

Visto que o artigo 81.5 da Lei 36/2011 de 10 de outubro de 2011, Reguladora da Xurisdición Social indica o seguinte:

“El letrado o letrada de la Administración de Justicia requerirá a la parte demandada para que, en el plazo de dos días desde la notificación de la demanda, designe letrado o letrada, graduado o graduada social o procurador o procuradora, salvo que litigase por sí misma”

Tendo en conta que o artigo 59 b) do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº 202 do 3 de setembro de 2020 establece que lle corresponde á Xunta de Goberno a seguinte atribución delegada do Presidente/a e do Pleno:

“7. Exercicio de accións xudiciais e administrativas en defensa dos actos de competencia da Deputación Provincial de Lugo e os demais actos de calquera órgano salvo avocación”.

Visto asemade o artigo 18 apartado 3º do Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica publicado no BOP de Lugo nº 010 do 14 de xaneiro de 2020 que establece:

“3. No suposto que non fose posible obter o acordo do órgano competente para autorizar o exercicio da acción antes do transcurso do termo procesual, a Presidencia da Deputación fará dita autorización, dando conta ao órgano competente na primeira sesión que sexa posible”.

Considerando o anterior, e debido a urxencia, dado o perentorio prazo que concede a Lei Reguladora da Xurisdición Social para designar letrado, á Presidenta propónse a adopción dos seguintes acordos:

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	50/52	



1º- A comparecencia para a representación e defensa da Deputación Provincial de Lugo Procedemento Ordinario 0000016/2026 seguido ante o Tribunal de Instancia Sección do Social Praza nº 3 de Lugo.

2º.- Dar conta da presente resolución na próxima Xunta de Goberno Provincial que se celebre”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Resolvo:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Polo exposto, o que subscribe, propón á Xunta de Goberno a ratificación da citada resolución”.

A Xunta de Goberno queda enterada.

2º.- Dación de conta Sentenza PA 240/2025

Dase conta da Sentenza PA 240/2025:

“No Procedemento Abreviado 0000240/2025 seguido a instancia de D. José Manuel Díaz Cadahía fronte ao seguinte acto administrativo: “Desestimación presunta por silencio administrativo de la reclamación patrimonial formulada por el recurrente en solicitud de 700,54 € por daños causados en el vehículo matrícula 0134JJW a consecuencia de un bache existente en la carretera LU-P-2701 el 29 de abril de 2024. “ o Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo ditou Sentenza en data 16 de febreiro de 2026 , cuxo fallo é o seguinte:

“Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de D. José Manuel Díaz Cadahía frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo y con intervención de Mapfre España S.A., contra la desestimación presunta por silencio administrativo de la reclamación por

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	51/52	

responsabilidad patrimonial por daños causados en el vehículo matrícula 0134JJW a consecuencia de un bache existente en la carretera LU-P-2701 el 29 de abril de 2024. Con imposición de costas a la parte demandante hasta la cifra máxima de cien euros (impuestos no incluidos) en concepto de honorarios de Letrado. Notifíquese esta Sentencia a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe interponer Recurso ordinario alguno”.

Visto o anterior así como o Oficio do citado Tribunal de data 9 de marzo de 2026 que acorda decretar a firmeza da citada Sentenza , ponse en coñecemento desa Xunta de Goberno ós efectos oportunos”.

A Xunta de Goberno queda enterada.

9.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

	IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Fecha y Hora	17/03/2026 13:26:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RSPCNAABLQRF625MC4B2HL4	Página	52/52	